



CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)
Praza do Concello, nº 1 - C.P. 27740
Tfno.: 982 524 003 – Fax: 982 507 421
e-mail: concellomondonedo@gmail.com

BANDO DA ALCALDÍA

Don Manuel Angel Otero Legide, Alcalde-Presidente do Concello de Mondoñedo

FAI SABER

Que o luns 9 de marzo de 2020 saíu publicada no DOG a orde da Consellería de Política Social pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para facilitar a obtención dos permisos de condución das clases B e C á mocidade galega, dirixidas ás persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil.

BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarias das axudas as persoas mozas que na data de presentación da solicitude:

- Teñan cumpridos os 18 anos, se prexuízo da idade mínima para a obtención do permiso de clase C.
- Estean empadroadas na Comunidade Autónoma de Galicia cunha antigüidade mínima dun ano.
- Estean inscritas no SNGX e figuren como beneficiarias no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Estean matriculadas nunha autoescola da Comunidade Autónoma de Galicia no momento de presentaren a solicitude ou ben teñan o/os permisos para o/os que se solicita a axuda con data de expedición entre o 1 de xaneiro de 2020 e a data de presentación da solicitude.

CONTÍAS

O importe da axuda será de 400 euros para a obtención do permiso de condución de clase B e de 650 para o permiso de clase C.

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase a partir do día seguinte oa da publicación da orde no D.O.G. e estará aberto ata o día 31 de xullo de 2020, salvo que se produza con anterioridade o esgotamento do crédito orzamentario dispoñible.

Para calquera información contactar cos Servizos Sociais do Concello de Mondoñedo.

O que se fai público para xeral coñecemento e correspondentes efectos.

Mondoñedo, na data da sinatura,

O Alcalde,

Asdo.: Manuel Angel Otero Legide

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)





Cod. Validación: 7R3JSLJ5KLXPT6C5HJKQACANW | Corrección: <https://mondoneo.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2